

MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO  
PROGRAMACIÓN 3º TRIMESTRE 2017




## EXPOSICIÓN PERMANENTE

Percorrido por diversas salas temáticas:

- Simbología dos oficios.
- Os tecidos.
- Peche.
- A madeira escavada.
- A luz.
- A materialidade da fe.
- A arte de curar.
- O centeo.

A rotulación dos contidos permite a realización de percorridos autónomos.

VISITAS GUIADAS: para grupos previa solicitude. Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse os sábados ás 11:30 h.



## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

### En feminino: a silente presenza

Quere visibilizar o eido feminino na construción da sociedade.

*Lugar:* Sala de exposicións temporais do Museo.

*Soporte didáctico:* pezas e fotografías de diversas coleccións privadas.

**Ata o 31 de decembro. Entrada gratuíta.**



### De varas a metros

Mostra de aparellos de medición que reflicten a variabilidade das medidas antes da implantación do Sistema Métrico Decimal.

*Lugar:* Sala didáctica do Museo.

*Soporte didáctico:* pezas do Museo Liste Vigo, Museo Liste Oseira, Mercado da Tía Ni (Sabarís) e particulares.

**Visítase xunto coa exposición permanente polo que o prezo de entrada ao Museo inclúe a visita a esta mostra.**



### Encintados da Ribeira Sacra

Exposición fotográfica que mostra a arte dos encintados, decoración ancestral feita con cal nas paredes externas das casas.

*Fotografías:* Mar López Sotelo. Sala do Peche do Museo.

*Datas:* do 17 de maio ao 17 de setembro.

**Visítase xunto coa exposición permanente polo que o prezo de entrada ao Museo inclúe a visita a esta mostra**



## ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

### Artellando a historia

*Contido:* Nenos e nenas serán os protagonistas do conto deseñado especialmente para o Museo. Experimentos con obxectos, historias e maxia compoñen a actividade coa que aprender do noso pasado. Partindo do conto “ Os trasnos xogantíns” viviremos unha divertida aventura que nos convertirá en expertos museólogos.

*Duración:* 60 m. (duración aproximada).

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* mes de xullo de 2017.

***Dirixido a:* grupos de nenos/as de 3 a 12 anos previa solicitude.**

***Prezo:* 1 euro por participante.**

### O gabinete de curiosidades do Liste

*Contido:* entre o real e o imaxinario, unha chea de obxectos singulares permitirán coñecer como eran os antigos “gabinetes de curiosidades”. A través dunha historia novelada e pistas terán que atopar as caixas cos obxectos do antigo gabinete. Unha vez atopadas, abriranse e relatarán a súa historia.

*Duración:* 60 m. (duración aproximada).

*Lugar:* Museo Liste e xardín circundante.

*Datas:* mes de xullo de 2017.

***Dirixido a:* grupos de nenos/as de 3 a 12 anos previa solicitude.**

***Prezo:* 1 euro por participante.**





## Liste´s scape room

*Contido:* pechados dentro do Museo, rodeados dunha morea de pezas atesouradas durante anos polo coleccionista e etnógrafo Olimpio Liste, os visitantes deben ser quen de vencer a maldade do anticuario *Paio Cachafeiro* quen argallou un plan para quedar coa valiosa colección que alberga o Museo. Desafíos, enigmas e adiviñas son os misterios a resolver para poder saír do Museo. Intelixencia, destreza e astucia son as habilidades necesarias para superar con éxito esta proba.

*Duración:* 60 m. (duración aproximada).

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* mes de xullo de 2017.

***Dirixido a:* grupos de nenos/as de 12 a 16 anos previa solicitude.**

***Prezo:* 1 euro por participante.**



## Xogando en familia

*Contido:* percorrido autónomo polo Museo para familias a través dunha serie de propostas que probarán as súas capacidades dedutivas e sabedoría, co obxectivo de potenciar a visita en familia e o coñecemento das coleccións expostas no Museo. Guiadas polos caderniños dispoñibles en recepción realizarán unha visita diferente.

*Duración:* 60 m. (duración aproximada).

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* sábados do mes de xullo de 2017.

***Dirixido a:* familias sen necesidade de solicitar cita previa.**

***Prezo:* aplicarase o prezo de entrada ao Museo.**



## TALLERES DE COÑECEMENTO

### Instrumentos humildes

Coñecemento dos múltiples recursos susceptibles de orixinar sons musicais.

*Lugar:* salas do Museo ou xardín circundante.

*Datas:* todo o ano previa solicitude. Grupos de 50 persoas máximo.

*Duración:* 1 hora.

*Dirixido a:* grupos de todas as idades previa solicitude.

*Soporte didáctico:* instrumentos e monitor guía.

*Monitor:* Erica Iglesias Neira.

**Prezo do taller: 40 euros/grupo.**



### Como mediamos

Medidas de lonxitude; de capacidade; de masa; de superficie. Préstase especial atención ás medidas tradicionais, incidindo nas moitas variacións locais.

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* todo o ano previa solicitude.

*Duración:* 1 hora

*Dirixido a:* grupos de todas as idades previa solicitude.

*Soporte didáctico:* Monitoraxe, pezas e audiovisual.

*Colaboración especial:* Museo Liste de Oseira (Ourense); Mercado de la Tía Ni (Sabarís-Pontevedra); particulares.

**Prezo: 1 euro por persoa**



## INFORMACIÓN XERAL

### HORARIO MUSEO LISTE VIGO

**DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h**

**MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.**

#### **PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE**

**Xeral: 2 €**

**Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.**

**Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.**

#### **CONTACTO**

**Tfno. 986-244698**

**Rúa Pastora, nº 22, Vigo**

**recepcion@museoliste.org**

**visitas@museoliste.org**

**www.museoliste.org**